



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 21 DE MARZO DE 2017.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 21 de marzo de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DE OBRA DA ACTUACIÓN  
“REFORMA DA CUBERTA DE PISTA POLIDEPORTIVA NO CEIP AS SOLANAS -  
NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO”**

---

Dase conta do escrito RE RC-1525 de data 15 de marzo de 2017, remitido por XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, xuntando copia das certificacións de obra da actuación “Reforma da cuberta de pista polideportiva no CEIP As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas certificacións de obra e acorda remitirle esta documentación á Deputación Provincial de Pontevedra para a xustificación da subvención concedida para elo.

**PUNTO 2.- CUOTAS MERCADO DE ABASTOS FEBREIRO DE 2017.**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de FEBREIRO de 2017 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro

**PUNTO 3.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DUN  
OBRADOIRO DE COCIÑA**

---

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público pola realización do obradoiro de cociña, esta



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Fixar o prezo público pola realización do obradoiro de cociña en 26,00 euros.
- Expoñer ó público o presente acordo en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

### **PUNTO 4.- ASUNTOS DE URBANISMO**

---

#### **4.1.-COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 4.22672016.- D<sup>a</sup>. ELENA PEREIRA PEREIRA, PARA REGULARIZAR MUROS DE PECHE EXISTENTES CONTRA O CAMIÑO NUNHA LONXITUDE DE 45 MTS. COLOCANDO REDE METÁLICA ATA COMPLETAR UNHA ALTURA MÁXIMA DE 1,80 MTS. SITA NA RÚA DE BRUEIRA Nº. 8 (PARCELA Nº. 413 DO POLÍGONO Nº. 7), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.650/2016.- D. MANUEL GONZÁLEZ BAQUERO, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTO COA TELLA EXISTENTE, ASI COMO APERTURA DUN PORTAL SITO NA RÚA DE REDONDIÑA Nº. 15, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.745/2016.- D. HELIODORO PENA ALONSO, PARA TAPADO DE OCO DE VENTÁ E AISLAMENTO DE FACHADAS EXTERIORES MEDIANTE O SISTEMA COTETERM DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE HERNÁN CORTÉS Nº. 24, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.683/2016.- D. VICTOR M. ESTÉVEZ PORTELA, PARA PECHE DIÁFANO REALIZADO CON BLOQUE BLANCO NUNHA SUPERFICIE DE 2,00 M<sup>2</sup>. E INSTALACIÓN DE PORTAL CORREDOIRA EXISTENTE SITO NA RÚA DE CARRETERA SAN ROQUE Nº. 13, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.941/2016.- D<sup>a</sup>. ANA GONZÁLEZ PORTELA, PARA DEMOLICIÓN DE DIVISIÓNS INTERIORES, ALICATADO DE PAREDES E TEITOS; RETIRADA DE CARPINTERIA EXTERIOR; EXECUCIÓN DE DIVISIÓNS INTERIORES; COLOCACIÓN DE PREMARCO DE 4 PORTAS DE PASO; ENFOSCADO DE PARAMENTOS VERTICAIS; TRASDOSADO DE PLADUR; COLOCACIÓN DE PLAQUETA E RODAPÉ CERÁMICO; ALICATADO DE PARAMENTOS VERTICAIS; EXECUCIÓN DE FALSOS TEITOS; DO PISO 1º DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 288/2017.- D. MANUEL DOMÍNGUEZ LAGO, PARA REALIZAR PECHE FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 8,00 MTS. REALIZADO CON BLOQUES DE<sub>2</sub>



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

CEMENTO E POSTERIOR REVESTIDO SITO NA RÚA DE MIRILLÓNS Nº. 3, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 413/2017.- D.MARIO SUAREZ SA, PARA REALIZAR OBRAS DE AMPLIACIÓN DE PORTAL DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL ALOQUEIRO Nº. 33, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.140/2016.- Dª. ASCENSIÓN RIVEIRO SILVA, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PLANTA BAIXA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 2º TRV. SAN ROQUE-TRASLOAJO Nº. 26, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

#### **4.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA**

Exp. Nº 4.259/2016 de data 05.07.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. PEDRO MAURI ALONSO, en representación de PESQUERA MAURI, S.L., con enderezo na Rúa Malteses, nº 61 da Guarda, para inicio de actividade de OFICINA ADMINISTRATIVA PESQUERA no local sito na rúa Malteses, nº 98-Bloque 2 - baixo C da Guarda, e visto o informe favorable de data 16 de marzo de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a PESQUERA MAURI, S.L. licencia municipal nº 3/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de OFICINA ADMINSTRATIVA PESQUERA no local sito na rúa Malteses, nº 98 - Bloque 2 - Baixo C da Guarda.

Exp. Nº 534/2017 de data 31.01.2017.-

Vista a comunicación previa feita por Dª. ALBA LABANDEIRA GARCÍA, en representación de OPTICA ALMA, S.L., con enderezo na Rúa Manuel Alvarez, nº 27-baixo da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR APARATOS MÉDICOS, ORTOPÉDICOS (Epíg. 659.3) no local sito na rúa Manuel Alvarez, nº 27-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 22 de febreiro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a OPTICA ALMA, S.L. licencia municipal nº 4/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR APARATOS MÉDICOS, ORTOPÉDICOS (Epíg. 659.3) no local sito na rúa Manuel Alvarez, nº 27-baixo da Guarda.

Exp. Nº 534/2017 de data 31.01.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D. ANDRÉS ESTEVEZ SOBRINO, en representación de ANSOSER A GUARDA 2017, S.L., con enderezo na Rúa Pacífico Rodríguez, nº 8-local 2 da Guarda, para inicio de actividade de OUTROS SERVIZOS AUXILIARES DE SEGUROS



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Epíg. 832.9) no local sito na rúa Pacífico Rodríguez, nº 8 - Local 2 da Guarda, e visto o informe favorable de data 22 de febreiro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a ANSOSER A GUARDA 2017, S.L. licenza municipal nº 5/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS SERVIZOS AUXILIARES DE SEGUROS (Epíg. 832.9) no local sito na rúa Pacífico Rodríguez, nº 8 - Local 2 da Guarda.

### **4.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 6.293/2016. D. JAVIER GONZALEZ DOMINGUEZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE REPARACIÓN DE AUTOMÓVILES E BICICLETAS [EPIG. 691.2] A REALIZAR NA RÚA CARRETERA DE SAN ROQUE, Nº 62-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D. ANTONIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ.

EXPEDIENTE: RC-1170/2017. LAVANDERÍA LA GUARDIA, S.C. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE TINTE, LIMPEZA, SECO, LAVADO, PLANCHADO [EPIG. 971.1] A REALIZAR NA RÚA JULIAN LOPEZ, Nº 4-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE IREIRA, S.L.

### **4.4.- OBRAS MAIORES**

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 7.613/2016.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 07-12-2016 (R.E. nº. 7.613), por **D. SERAFIN DOMÍNGUEZ SANTOMÉ** con D.N.I. nº. 36.054.111-R e con domicilio na rúa de Camelias nº. 23-2º de Vigo-C.P. 36202, para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal, s/n., en Solo Urbano (Ordenanza Nº. 4 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico básico suscrito polo arquitecto D. Xabier Pousa Arbones.

#### **PRIMEIRO.-**

1.1.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal d. Antonio Hernández Crespo de data 01-03-2017, considérase **favorable** a solicitude de licenza para construción da "vivenda unifamiliar" desenvolvida en (planta soto, planta baixa e planta primeira), conforme o sólido definido no proxecto básico presentado con data 01-03-17.

1.2.- Establécese un aval para garantir a urbanización do solo de cesión para a ampliación de viais nunha superficie de 67,20 m<sup>2</sup>. por unha cantidade de 3.025,00 € (Tres mil vinte e cinco euros).

1.3.- Unha vez obtida a licenza municipal non se poderá comezar coas obras de edificación en tanto non se achegue ó Concello:

- Proxecto de Execución visado conforme establece o RD. 1000/2010.
- Oficio de dirección de execución das obras.

Antes do inicio das obras esta documentación deberá ser avaliada polos servizos técnicos municipais.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### SEGUNDO.-

2.1.-Visto o informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarelos, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**Concede-la** licenza municipal de obras de construción de vivenda unifamiliar sita na rúa de Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal a favor de D. Serafin Domínguez Santomé, impondo os condicionantes establecidos no informe técnico, isto é, establécese un aval para garantir as obras de urbanización do solo de cesión por importe de 3.025,00 €, que o interesado non pode iniciar as obras ata que achegue o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional correspondente e **se lle dea o visto bo pola Oficina Técnica municipal** e presente oficio de dirección da execución das obras, e o informe xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Debe consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. SERAFIN DOMÍNGUEZ SANTOMÉ**, licenza para construción de “VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Irmáns Noia Xil esquina rúa de Rosal, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídicos.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **4.5.- CAMBIO DE USO DE VIVENDA A COMERCIAL**

Dase conta do escrito RE 2.229 de data 12 de abril de 2016, presentado por D. Pedro Mauri Alonso, en representación de PESQUERA MAURI, S.L., con enderezo na rúa Malteses, nº 61 de A Guarda, solicitando o cambio de uso do inmovible sito en Rúa Malteses, nº 98-Bloque 2-Baixo C de vivenda a comercial.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de uso de vivenda a comercial para o inmovible Rúa Malteses, nº 98 - Bloque 2 -Baixo C.

### **4.6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ADAPTACION DE LOCAIS.**

Dase conta do escrito RE RC-1150 de data 15 de marzo de 2017, presentado por MECALIA - MATALÚRGICA Y CALDERERÍA, S.L. con enderezo social na rúa O Pasaxe, s/n de A Guarda, solicitando o cambio de titularidade da comunicación previa de adaptación de locais para o inmovible sito na rúa O Pasaxe, s/n que figuraba a nome de FAMETAL, S.L. E PORTICOS PANELES PARA PUERTAS, S.L..

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de titularidade na comunicación previa de obras para adaptacións de locais solicitada.